

Comentarios no blog do ies Sánchez Cantón no curso 2007-2008

1. O libro está baseado en Nova York no século XX. O protagonista, de 16 anos, cóntanos a súa vida e a súa opinión cara á vida social e ó estudo, que ten unha visión bastante negativa cara ás cousas do mundo. Emprega unha linguaxe moi coloquial e algunhas expresións moi fortes, os insultos, e con escenas violentas. Sen embargo, presenta unha serie de problemas que pode ter calquera de nós: problemas de relacións (cos amigos, familiares), de estudo (o seu rexeitamento), a falta de consellos e apoio por parte dos pais, etc. Sorprendeume a actitude do protagonista cara a súa irmá pequena, non fai moito caso aos demais (profes, amigos) nin sequera moito aos seus pais, en cambio, o que di ela aféctalle moito na súa decisión. O libro non me gustou moito e non me pareceu moi interesante pero é moi realista e fácil de lelo. **(Xiling)**.

2. Tras ler este libro, o primeiro que salta á vista é a forma de actuar do protagonista: un adolescente de dezaseis anos e de familia máis ben adifneirada, quen esta acostumado a vivir sen problema económico algún e que non dubida en facer o primeiro que se lle pasa pola cabeza, o cal mostra unha forma de actuar un tanto inmadura e inconsciente. A vida deste mozo, Holden, transcorre en diferentes institutos tras ser expulsado reiteradamente de cada un deles, aínda que na obra o relato comeza dende a súa derradeira expulsión, a cal lle custa afrontar e a causa disto emprende unha fuga do centro de estudos, e narrando a súa forma de comportarse ante a vida. As situacións que se lle presentan ó protagonista son practicamente as que se lle poden presentar a calquera adolescente de hoxe en día ó longo da súa vida, aínda que a súa forma de afrontalas sexa un tanto especial pero non moi diferente de como o farían moitos rapaces. Ao final do libro parece que Holden se conciencia da realidade e de como a súa inconsciencia pode prexudicar ós seus. Dende o meu punto de vista, este é un libro entretido a pesar de que en determinados capítulos se faga un pouco difícil de levar. **(Jesús)**

3. A min este libro gustoume moito, cóntanos a vida dun neno que tivo problemas como a perda do seu irmán, tamén que o botaron dun colexio... etc. Segundo vin no libro o neno non conta nada realmente positivo senón cousas pouco positivas, ó final dáse conta dalgunhas cousas e acaba por ... **(Sofía)**

4. Este libro foi un dos que máis me gustou dos que lin este ano. O noso protagonista, Holden, é expulsado da escola por suspender moitas materias, e el decide marchar. Entón atópase só, nas rúas inmensas de Nova York. Alí, poderemos entender e coñecer mellor ao personaxe, das súas vivencias, experiencias... Moitas delas un tanto agustiosas. Pero a pesar do seu carácter aparentemente forte e valente, rebrandécese ao lembrar a súa irmá pequena Phoebe. Podemos atopar na novela unha evolución do personaxe da súa adolescencia á súa madurez. A linguaxe é sinxela e consegue captar a atención do lector, facendo que este moitas veces se vexa mergullado nestas páxinas relatadas por Holden. **(Paula)**

5. O libro trata sobre un mozo de 16 anos, chamado Holden, que é expulsado por derradeira vez do colexio e en vez de irse á súa casa decide pasar unha temporada vivindo en Hoteis na cidade. O libro desenvólvese en Nova York e Holden pasa por moitos problemas como por exemplo a falta de diñeiro... Ensínanos unha forma de ver o mundo moi negativa, aínda que ao final o protagonista ... O libro gustoume bastante. É moi interesante e consegue meterte no personaxe, xa que moitas destas cousas poderíanos ocorrer a calquera de nós se vémonos sos ante esas situacións. **(Elena)**